

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARA A
CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONCURSO, DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES
SANCIONADORES POR INFRACCIÓN CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL
URBANO NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

1. OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto do contrato é a prestación, por parte do adxudicatario, do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano, que inclúe a normativa de ordenación e regulación de aparcamento, no concello de Santiago de Compostela, así como na recadación en período voluntario das sancións impostas.

Esta colaboración comprenderá dúas grandes áreas:

A. Colaboración na xestión dos expedientes:

Consiste na realización dos traballos de colaboración, auxiliares e complementarios, técnicos, e dos procesos informáticos encamiñados á interconexión de información, gravación e emisión dos soportes físicos de expedientes sancionadores e a súa posterior notificación, de acordo co establecido nos artigos 58 e 59 da *Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

B. Colaboración na xestión de recadación:

Consiste na realización das xestións, actividades, trámites, notificacións e dilixencias que favorezan de maneira diferenciada e significativa a recadación dos recursos xerados na tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano

A contratación destes traballos de colaboración administrativa non suporá menoscabo ningún na xestión directa dos servizos de policía e recadación ó abeiro do previsto no artigo 85.3.a da Lei 7/1985 de 2 de abril.

2. PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN.-

O sistema de contratación que se seguirá neste expediente será o de concurso, en procedemento aberto con tramitación ordinaria, consonte co que se establece no artigo

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

208.3 do RDL 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o *Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas*.

3. DURACIÓN DO CONTRATO.-

O período de vixencia do contrato será de DOUS ANOS. Este prazo poderá prorrogarse, por acordo expreso entre as partes que deberá adoptarse con unha antelación de tres meses ao seu vencemento, ata dous anos mais, máximo permitido polo artigo 198.1 do RDL 2/2000.

Durante os dous (2) meses posteriores a empresa adjudicataria poderá presentar factura en función das cantidades efectivamente recadadas, non podendo efectuar ningunha outra actuación distinta da aplicación dos cobros recollida na cláusula 5. B. 1. k) do presente prego.

Enténdese que as actuacións de “colaboración” na xestión dos expedientes sancionadores se realizan dentro do período de vixencia e poderán ser facturadas en función do seu cobro dentro dos 2 meses posteriores no suposto de estar emitido o correspondente documento de pago e entregado no servizo de correos durante o período de vixencia do contrato sinalado no parágrafo primeiro desta cláusula.

4. GARANTÍAS.-

Os licitadores que queiran tomar parte neste concurso deberán constituír previamente unha garantía provisoria por importe de 9.000 euros. Por outra banda, o adjudicatario deberá depositar unha garantía definitiva de 18.000 euros. As ditas fianzas deberán constituírse na Caixa Municipal, en metálico ou mediante aval bancario (segundo o modelo que se achega a este prego). A constitución da garantía definitiva deberá acreditarse dentro dos 15 días hábiles seguintes ó da notificación da resolución do concurso. O incumprimento deste requisito por causa imputable ó adjudicatario, dará lugar á resolución do contrato.

5. DETERMINACIÓN DAS ACTIVIDADES OBXECTO DO CONTRATO.-

Agás nos casos en que a lei reserve expresamente a súa execución a funcionarios públicos, o adjudicatario deberá realizar todas as actuacións de carácter administrativo e de xestión encamiñadas á xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano derivados das denuncias emitidas, e á recadación en período voluntario das sancións impostas. Colaborará tamén na xestións en executiva respecto das sancións non canceladas en período voluntario que se determinan no presente prego.

Estas tarefas deberán realizarse en estreita colaboración entre a empresa adjudicataria e os servizos municipais de Policía, Tráfico, e Tesourería. Cada unha das partes deberá realiza-los seguintes traballos específicos:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

A. Corresponderalle á administración municipal:

- a) A formulación da denuncia por infracción contra a normativa de tráfico vial urbano. A denuncia conterá toda a información legalmente esixida.
- b) Defini-lo contido, estrutura e forma dos impresos normalizados precisos para a tramitación, emisión e notificación dos expedientes sancionadores, así como os correspondentes documentos de pagamento.
- c) Defini-lo contido, a estrutura e a forma dos documentos necesarios para a publicación edictal nos boletíns oficiais e nos taboleiros dos concellos respectivos, así como o procedemento e forma de realiza-las notificacións.
- d) A realización de todas aquelas funcións reservadas legalmente a funcionario público e que impliquen exercicio de autoridade.

B. Corresponderalle ó adxudicatario:

B.1. *No tocante ós expedientes sancionadores e ao cobro en período voluntario:*

- a) Análise, lectura, comprobación e gravación informática dos datos contidos nos boletíns de denuncia emitidos pola Policía Local o día inmediato anterior.
- b) Averiguación dos datos dos infractores a través de consultas efectuadas nos rexistros de que dispoña a administración municipal ou aqueloutros ós que se poida ter acceso.
- c) Impresión dos datos gravados para confecciona-los oportunos expedientes sancionadores, co obxecto de seren presentados ó órgano instructor para a súa revisión e, de se-lo caso, sinatura.
- d) A notificación dos citados expedientes sancionadores, tanto das denuncias non notificadas no acto aos denunciados, coma das sancións, a través de métodos áxiles e eficaces, de acordo co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro. O servizo de correo e correspondencia será o empregado polo Concello, o seu custo será abonado polo adxudicatario.
- e) Rexistro das alegacións e recursos que se produzan sobre o procedemento sancionador.
- f) Elaboración e mecanización de informes e propostas de resolución sobre as anteriores reclamacións administrativas, para o seu visado e firma por parte do órgano instructor, e a súa posterior notificación ós interesados, así como a elaboración das resolucións para que, logo de verificadas, se proceda á sinatura por parte do órgano municipal competente.
- g) Elaboración de edictos de notificación de todas as denuncias e sancións que non fora posible comunicarlle ós interesados.
- h) Control e seguimento dos expedientes sancionadores na fase voluntaria de xestión do procedemento de recadación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

- i) Elaborar, por remesas, os cargos das sancións que se teñan notificado durante determinados períodos de tempo.
- j) Elaboración e mecanización dos expedientes de suspensións cautelares, baixas, fraccionamentos e aprazamentos.
- k) Gravación de cobros en período voluntario, mediante sistemas e procesos de interconexión telemática cos servicios municipais.
- l) Emisión dos ficheiros magnéticos que conteñan os datos das débedas por multas que non foran aboadas dentro do período voluntario de pago, e a súa presentación na Tesourería municipal para o inicio da vía executiva.
- m) Atención ó público en cumprimento das normas establecidas pola *Lei 30/1992, de 27 de novembro, sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común* e da lexislación en materia de tráfico e seguridade vial.
- n) Clasificación, arquivo e custodia da documentación xerada polo procedemento ata que lle sexa reclamada polo Concello.
- o) Confección dos informes estatísticos que lle sexan solicitados polo servicio municipal correspondente, tanto de carácter xeral coma referidos a calquera dos conceptos que figuran no boletín de denuncia (axente, artigo, lugar, etc.)
- p) En xeral, todas aquelas outras accións que cumpran para unha correcta, eficaz e eficiente xestión integral dos expedientes sancionadores, tanto na súa vertente administrativa coma no seu ámbito recadatorio.

B.2.- No tocante ó procedemento executivo:

- q) A notificación das providencias de constrinximento das débedas por expedientes sancionadores non canceladas no período voluntario de cobro, a través de métodos áxiles e eficaces, de acordo co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro. O servicio de correo e correspondencia será o empregado polo Concello, o seu custo será por conta do Concello. O adxudicatario poderá habilitar medios complementarios sendo estes gastos da súa conta.
- r) Rexistro das alegacións e recursos que se produzan contra a providencia de constrinximento das débedas por expedientes sancionadores.
- s) Elaboración e mecanización de informes e propostas de resolución sobre os anteriores recursos, para o seu visado e firma por parte do funcionario competente, así como a elaboración das resolucións para que, logo de verificadas, se proceda á sinatura por parte do órgano municipal competente, e a súa posterior notificación ós interesados.

B.3.- No tocante á práctica de notificacións:

- t) Recepción, manipulación e clasificación dos documentos a notificar.
- u) Impresión dos acuses de recibo.
- v) Integración das actuacións no sistema de información, permitíndolle ó Concello controla-la xestión das notificacións.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

- w) Información individualizada e en soporte magnético do resultado das actuacións practicadas, poñendo tamén a disposición do Concello os acuses de recibo e os documentos que non se puideran entregar.

6. CONTROL DOS TRABALLOS

As funcións e actividades que se describen na alínea 5.B realizaranse baixo a dirección e estricta supervisión do órgano xestor e dos funcionarios que se designen para iso. Os ditos responsables realizarán os oportunos controis de calidade dos traballos realizados polo adxudicatario, informándoo das incidencias que se detecten como consecuencia do seu labor de supervisión, e podendo mesmo requirirille para que efectúe a substitución dos traballadores que non se consideren axeitados para presta-lo servicio.

7. MEDIOS INFORMÁTICOS E SISTEMA DE INFORMACIÓN.

A empresa adxudicataria virá obrigada a instalar un sistema informático que permita a conexión “on line” permanente entre os sistemas informáticos da empresa adxudicataria, a rede local do Concello e da Policía Local, de tal forma que se poidan emitir documentos cobratorios desde calquera lugar dos nomeados.

Para estes efectos, a empresa adxudicataria será a encargada de instalar, tanto nos seus locais coma nos do Concello, os medios “hardware” e “software” necesarios tanto para a conexión telemática como para a xestión da aplicación. Poderá tamén instalar ou servirse de calquera outra medida, elementos, máquinas ou sistemas que possibiliten e favorezan os cobros xestionados e a culminación de operacións recadatorias. As empresas licitadoras especificarán detalladamente nas súas ofertas o equipo informático a instalar.

A empresa adxudicataria deberá ter desenvolto e en perfecto funcionamento, debidamente contrastado o conxunto de aplicacións necesario para a plena execución do contrato en toda a gama de actuacións e intervencións, tanto en xestión de expedientes sancionadores como en control de notificacións, así como en recadación voluntaria. Estas aplicacións deben amosar en todo momento a situación xeral da tramitación de expedientes, con desgloses por contías, debedores, conceptos e demais referencias que contribúan á efectiva e inmediata orientación na realización de actuacións e remate de expedientes.

Para estes efectos, o sistema de información deberá permitir contempla-las diferentes actuacións en que se encontren os expedientes, tanto na fase inicial de xestión coma na de recursos e reclamacións administrativas, possibilitando en todo momento coñece-la situación puntual dun expediente ou grupo de expedientes, consulta-los datos xerados por cada actuación, importes individuais e acumulados por fases, número de multas, etc. Requírese tamén a existencia dun acumulado histórico das actuacións realizadas por expediente ou do conxunto deles.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

Tendo en conta as actuais especialidades de carácter económico e informático, o software deberá de ser adaptado á organización e aplicación de procedementos que realiza o Concello, polo que, no deseño e establecemento de fluxos de traballo, se introducirán as fases necesarias, pasos e parámetros que respondan a iso. O software posibilitará a súa modificación inmediata coa fin de recoller calquera modificación da lexislación ou da xurisprudencia que se incorpore ó procedemento.

O custo de instalación do hardware e dos equipos, así como do software e aplicacións, e mesmo o procedente das modificacións descritas na alínea anterior, non poderá ser repercutido por parte da empresa adxudicataria, entendéndose incluído no prezo de contraprestación que se determina neste concurso.

As empresas licitadoras especificarán o software informático dispoñible, e executable con anterioridade á fase de concurso, a instalar para o desenvolvemento dos traballos conforme o que se establece neste prego.

O material funxible de oficina e demais elementos accesorios de carácter burocrático, será por conta da empresa adxudicataria.

8. MEDIOS DE COBRO.

A realización dos cobros haberá de inspirarse en criterios de economía, eficacia, eficiencia, modernidade e servizo ó cidadán/contribuínte, a quen se lle comunicará, con cada expediente sancionador que se inicie, os motivos, importes da sanción, recursos e alegacións que poidan interpor, con expresión dos prazos, formas de pago e demais circunstancias de interese que deba coñecerlo denunciado/sancionado, mediante a documentación oportuna que lle sirva para a realización do ingreso a través de entidades colaboradoras.

Os cidadáns denunciados efectuarán os ingresos nas contas restrinxidas de recadación habilitadas polo Concello nos bancos e caixas de aforro autorizadas como entidades colaboradoras, mediante a presentación do documento de pago correspondente, que a empresa adxudicataria deberá de ter adaptado ás normas do caderno 60 do Consello Superior Bancario.

A titularidade das ditas contas será do Concello, sen que a empresa adxudicataria poida dispor, baixo ningún concepto, dos saldos, fondos e xuros que se ingresen nelas

Para estes efectos, as entidades de depósito que o Concello determine habilitarán as contas restrinxidas que se consideren necesarias, que actuarán como receptoras de tódolos ingresos que se deriven do obxecto deste contrato. O Concello determinará o réxime de disposición e as condicións nas que se procederá á apertura das contas.

Sen prexuízo do que se sinala no parágrafo anterior, o sistema de información permitirá que, en todo momento, o Concello, exercitando as súas funcións de control, poida

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

acceder con carácter permanente ó sistema de información da empresa, realizando un seguimento puntual dos expedientes xerados, os cargos emitidos e os cobros realizados e ingresados.

9. ORZAMENTO DE CONTRATACIÓN, FINANCIACIÓN, RETRIBUCIÓN DO SERVICIO E FORMAS DE PAGAMENTO.

A. Orzamento de licitación.

O orzamento de licitación é de 300.000 euros/ano IVE incluído. Este importe é estimativo e calculouse sobre a base das porcentaxes máximas de licitación indicadas na alínea 9.C quedando fixada definitivamente en función das porcentaxes de premio de cobranza e de custo das notificacións.

Tanto nas proposicións dos licitadores coma no prezo de adxudicación do contrato entenderanse sempre incluídos, a tódolos efectos, as cotas correspondentes ós tributos de toda índole que graven os diversos conceptos e, en especial, o imposto sobre o valor engadido (IVE).

B. Financiamento do contrato:

Este contrato financiarase con cargo á partida orzamentaria 61101.227.06, que terá o carácter de crédito ampliable segundo as bases de execución do orzamento e consonte coa súa propia natureza orzamentaria. Os ingresos por sancións por infraccións de tráfico e seguridade vial quedarán como recurso afectado ó financiamento de crédito desta partida, e serán computados no subconcepto de ingreso 391.01.

C. Tipo de licitación e retribución dos traballos:

A retribución deste contrato estará en función:

1.- Dos resultados concretos que se obteñan polas xestións e servizos realizados pola empresa adxudicataria, tomándose como índice os ingresos recadados por ela no período de pago voluntario.

Establécese como tipo máximo de licitación, admitindo posturas inferiores, o seguinte:

- 45% do importe de tódolos cobros realizados en período voluntario de pago.

2.- Dos custos que soporte a empresa polo servizo de correo das notificacións nos expedientes sancionadores tanto das denuncias non notificadas no acto como das sancións.

Establécese como tipo máximo de licitación, admitindo posturas inferiores, o seguinte:

- 40% do importe que lle facture a empresa de correos indicada polo Concello.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

D. Pagamento dos traballos:

Os honorarios citados, que inclúen o importe do IVE, xeraranse bimensualmente e serán aboados nos prazos que indica o artigo 99 do RDL 2/2000, de 16 de xuño, previa presentación da factura correspondente, cos prezos ofrecidos pola empresa adxudicataria, conformada polos funcionarios de control e aprobada polo órgano municipal competente.

10. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.-

O adxudicatario estará obrigado a efectuar, coa máxima dilixencia e rigor, as actividades e servizos enumerados na cláusula quinta e mailas seguintes:

- b) Desenvolve-lo traballo no horario que estableza o Concello, inicialmente será de mañá e tarde e comprenderá os períodos laborais estándar de oficinas.
- c) Garda-la máxima confidencialidade con relación ós datos a que poida ter acceso na prestación do servizo, con estricto cumprimento do que dispón a *Lei orgánica 15/1999, de datos de carácter persoal* e disposicións complementarias.
- d) Asegura-la calidade dos traballos mediante controis internos efectuados periodicamente, dándolle información ó Concello dos seus resultados.
- e) Dispor entre o seu persoal de alomenos un licenciado en dereito, destinado/s a asumir as tarefas especificamente xurídicas que se inclúen no obxecto deste contrato.
- f) Proporcionar o persoal necesario para a execución deste contrato, de acordo coa normativa laboral aplicable e debendo de estar sempre ó día nos seus pagos á Seguridade Social. O persoal da empresa adxudicataria non xerará dereitos fronte ó Concello nin terá vínculo laboral ningún con el; esta circunstancia constará nos contratos correspondentes. O Concello non será responsable en ningún caso das obrigas que xurdan entre o contratista e o persoal que contrate, mesmo cando os despidos ou medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta da execución e/ou extinción do contrato de prestación do servizo.
- g) A empresa comunicarlle ó Concello os datos dos traballadores do seu cadro de persoal para que se lles poida subministrar, de se-lo caso, unha credencial como persoal dependente da empresa adxudicataria.
- h) Cumpri-las obrigas fiscais e sociais que se deriven do exercicio da actividade, tanto de carácter local coma autonómico ou estatal.

Consonte co previsto no artigo oitavo do Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, todos os documentos que se deriven deste contrato ou do seu obxecto, dirixidos a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, etc., estarán redactados en lingua galega.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

11. LOCAL E DENOMINACIÓN.

A empresa adxudicataria deberá dispor dun local axeitado, situado dentro do casco urbano do municipio e equipado para a realización das actividades obxecto do contrato. O local, debidamente habilitado, dotarase con mobiliario, material e equipos informáticos e liña telefónica para a prestación do servizo; sendo por conta da empresa os gastos que se xeren. Así mesmo, o adxudicatario pagará tódolos gastos que se orixinen para o correcto mantemento do inmovible. Neste local, entre outros extremos, constará a denominación:

*OFICINA DE XESTIÓN DE MULTAS DE TRÁFICO VIAL URBANO
DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA*

A apertura, dispoñibilidade e instalación do dito local virá determinada polas directrices que para eses efectos lle sinale o Concello, en función das necesidades que os seus programas e obxectivos requiran.

12. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO.-

O contrato entenderase asinado a risco e ventura do adxudicatario. Calquera modificación, cuantitativa ou cualitativa, da normativa que regule o réxime sancionador en materia de tráfico non lle dará dereito ningún a esixir indemnización.

O adxudicatario será tamén responsable dos danos e prexuízos causados a terceiros, ó Concello ou ó seu persoal, como consecuencia da prestación do servizo, e estará obrigado a paga-las indemnizacións que se deriven deles, así como a contrata-las pólizas de seguros que deberá concertar para a cobertura de tales riscos.

O adxudicatario deberá cumprí-las disposicións legais e regulamentarias en materia de contratación laboral, seguridade e hixiene no traballo; o seu incumprimento non implicará responsabilidade da Administración Municipal fronte ó persoal contratado por aquel para a prestación do servizo. O Concello non se subrogará en ningún caso nas relacións contractuais entre a entidade adxudicataria e o seu persoal.

13. DIRECCIÓN DOS TRABALLOS.-

A Corporación nomeará as persoas que terán a condición de “directores dos traballos” e que serán as responsables da comprobación e vixilancia da realización correcta do traballo contratado. Os directores, que serán funcionarios das Concellarías de Mobilidade e Seguridade, e de Facenda, actuarán en coordinación cos servizos de Policía, Tráfico e Tesourería e terán as seguintes funcións:

- Da-las ordes necesarias para acada-lo cumprimento dos obxectivos do traballo.
- Verifica-lo correcto cumprimento do que se establece neste prego.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

- Propoñe-las modificacións que conveñan no programa de traballo presentado polo adxudicatario en orde a un mellor cumprimento do contrato.
- Recibir e verificar periodicamente o labor feito pola empresa colaboradora.
- Darlle a conformidade á liquidación definitiva do traballo realizado.
- Tramitar tódalas incidencias que xurdan na realización material dos expedientes sancionadores ou nos traballos de información e xestión de cobro, dando as ordes que cumpran á empresa adxudicataria para que subsane, dentro do prazo de execución do contrato, os traballos que considere defectuosos.

14. CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN.-

A. Criterios obxectivos para adxudica-lo concurso:

- a) Medios ofrecidos para a prestación dos traballos.
- b) Prezo.
- c) Melloras ofrecidas sobre as condicións non económicas contidas no prego
- d) Medidas de aseguramento da calidade.
- e) Subrogación do persoal da anterior contrata.

B. Aplicación dos criterios obxectivos de valoración:

- a) Medios ofrecidos para a prestación dos traballos: CORENTA (40) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:

- Pola presentación dun esquema coa metodoloxía aplicada nos procedementos materiais e informáticos encamiñados á mellora na xestión, ata DEZ (10) PUNTOS, analizando aspectos fundamentais como:
 - Secuencias de esforzos tendentes a optimiza-la xestión en fases iniciais, limitando polo tanto a xestión en fase executiva.
 - Estudio detallado das opcións materiais, de campo e informáticas tendentes a mellorar e acurta-los tempos de notificación das diferentes fases do procedemento.
 - Procedementos informáticos que permitan a contestación personalizada da resolución dos expedientes.
 - Medidas tendentes a axiliza-la xestión coa finalidade de evita-la posible prescrición de accións.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

- Pola utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en tódalas súas fases, evitando as tradicionais funcións de arquivo manual e substituíndoas polo uso de arquivos documentais dixitalizados, ata DEZ (10) PUNTOS.
 - Polo número e condicións técnicas e profesionais dos traballadores a adscribir ó servizo, ata VINTE (20) PUNTOS. Deberase indicar as persoas que se asignan especificamente ao contrato para o que se debe ter en conta todos os aspectos da xestión (gravación de datos; notificación, tramitación, elaboración de informes e propostas de resolución, etc). Valorarase tamén a experiencia contrastada e debidamente acreditada: 1.- na elaboración de propostas de resolucións de reclamacións ou recursos administrativos sobre expedientes sancionadores; 2.- no exercicio directo de funcións relativas á xestión de infraccións de tráfico, de ingresos locais, de recadación, de atención ó público; e 3.- na planificación de cursos de formación permanente do equipo humano da empresa.
- b) Prezo: CORENTA (40) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:
- Asignaráselle TRINTA (30) PUNTOS á máxima baixa no prezo sobre o máximo de licitación sinalado na novena cláusula letra C apartado 1, e proporcionalmente ós ditos puntos ás baixas inferiores.
 - Asignaráselle DEZ (10) PUNTOS á máxima baixa no prezo sobre o máximo de licitación sinalado na novena cláusula C apartado 2, e proporcionalmente ós ditos puntos ás baixas inferiores.
- c) Melloras ofrecidas sobre as condicións, non económicas, contidas no prego: QUINCE (15) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:
- Valorarase esencialmente a presentación dun plan de control de calidade sobre os traballos, no que se contemplan os controis que se realizarán sobre os expedientes sancionadores coa fin de verifica-lo cumprimento da legalidade na súa tramitación ata a fase final de xestión de cobro, ata DEZ (10) PUNTOS.
 - Outras melloras non incluídas no prego, ata CINCO (5) PUNTOS.
- d) Medidas de aseguramento da calidade: CINCO (5) PUNTOS
- Por dispor dun sistema de xestión de calidade, incluíndo certificación do cumprimento, asignaráselle CINCO (5) PUNTOS.
- e) Subrogación do persoal da anterior contrata (anexo III): CINCO (5) PUNTOS.

15. PROPOSICIÓNS E OFERTA ECONÓMICA.-

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

A licitación será anunciada no Diario Oficial das Comunidades Europeas (DOCE), no Boletion Oficial do Estado (BOE), no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no Diario Oficial de Galicia (DOG).

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, en horario de 9.00 a 14.00 h, durante o prazo de 52 días naturais a contar desde a data de remisión do anuncio ó DOCE.

Unha vez presentada unha proposición, esta non poderá ser retirada baixo ningún pretexto agás nos casos previstos na lexislación vixente, implicando a súa presentación a aceptación, por parte do licitador, das condicións administrativas, técnicas e económicas que rexen a licitación.

Tamén poderán presentarse proposicións por correo, caso no que o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición en caso en que se recibise fóra do prazo fixado. Transcorridos, non obstante, dez días naturais da indicada data sen que se recibise a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Cada licitador, tanto individualmente como formando parte dunha agrupación de empresas, poderá presentar unha única proposición, sen a posibilidade de presentar variantes ou alternativas sobre ela.

As proposicións presentaranse en dous sobres pechados, que poderán estar lacrados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e levarán no exterior a inscrición: **“PROPOSTA PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/239/2007”**.

Dentro deste sobre xeral introduciranse dous sobres, tamén pechados (poden estar lacrados); cada un deles conterá a seguinte documentación:

Sobre A. Proposición económica e oferta técnica. CON/239/2007

Conterá a oferta económica que realice o licitador de acordo co modelo que se xunta como Anexo 1.

Así mesmo, incluirán unha memoria descritiva da proposta de execución dos traballos obxecto do contrato, que incorporará tódolos documentos, esquemas, descrições e demais documentación que permita apreciar e baremar, segundo o disposto na base 14, os medios e melloras que as empresas ofrecen.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Poderán propor as fórmulas de organización que coiden convenientes para unha mellor prestación do servizo, dentro dos límites do orzamento e as condicións deste prego, así como calquera outra condición ou mérito que consideren susceptibles de avaliación.

Deberán mencionarse especialmente os elementos e aplicacións informáticas de xestión especializada no procedemento sancionador que posúa a empresa, valorándose a descrición (textual e visual) das súas características principais e utilidades funcionais.

Os licitadores estarán facultados para suxerir nas súas ofertas aquelas modificacións que, sen menoscabo do previsto neste prego, poidan servir para a mellor realización do contrato.

Sobre B. Documentación administrativa. CON/239/2007

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da capacidade das empresas

A-1) Empresario individual:

.- Fotocopia do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

.- Escritura de Constitución ou Modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos , no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

.- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros Profesionais ou Comerciais ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do Regulamento xeral Lei de Contratos das Administracións Públicas, en función dos diferentes contratos.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o espacio económico europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega):

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Signatarios do acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros profesionais ou Comerciais ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do Regulamento xeral Lei de Contratos das Administracións Públicas, en función dos diferentes contratos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

A-5) Restantes empresas estranxeiras:

A capacidade das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figura inscrita no Rexistro Local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto que actúa coa habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais:

A) Se a empresa é dun país signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, acompañarase informe da representación diplomática española sobre a condición de Estado signatario do devandito acordo.

B) Se a empresa non é dun país signatario do dito acordo deberá acompañarse o informe de reciprocidade emitido pola respectiva representación diplomática española a que se refire o art. 23.1 de la TRLCAP (relativo a que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga)

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias):

Declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante (art. 79.2 da TRLCAP).

B) Sucursal en España para as empresas estranxeiras non comunitarias:

Documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que este inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 23.2 da TRLCAP)

C) Poderes: Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa xurídica, acompañarase poder notarial para representar á Persoa ou Entidade no nome da que se concorre ante a Administración contratante.

D) Bastanteo de poderes: Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Declaración expresa de que a Empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 20 do TRLCAP.

F) Certificación ou recibo acreditativo do pagamento do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se ofrece, de ser o caso.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

G) Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social. Non obstante, os licitadores poderán presentar unha declaración responsable na que fagan constar que a Empresa se atopa ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente certificación da Administración Tributaria e da Seguridade Social, ó obxecto de poder presentala dentro do prazo máximo de 5 días hábiles, a que se refire o art. 79.2.b do TRLCAP

H) Documento de clasificación empresarial: Grupo L, Subgrupo 2, Categoría c.

I) Certificación expedida pola tesourería municipal acreditativa de non ter débedas pendentes co concello de Santiago.

J) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica.

No suposto de que non sexa esixible a clasificación, os licitadores deberán acredita-la solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 16 da TRLCAP e a solvencia técnica de acordo co disposto no artigo 19 da devandita lei.

K) Copia, no caso de atoparse inscrito, do informe do Rexistro de documentación de empresas contratistas da Xunta de Galicia, do Excmo. Concello de Santiago de Compostela ou da Excmo. Deputación Provincial de A Coruña ou número de inscrición no Rexistro destes.

As Empresas que figuren inscritas nos Rexistros de Contratistas indicados quedarán dispensadas de presentar os documentos que se sinalan nos apartados: A), B), C), D), E), F), G), H), sempre que os citados documentos estean vixentes. A estes efectos acompañarase copia simple do informe do Rexistro de inscrición ou indicación do número co que se atopa inscrita a dita Empresa no Rexistro.

L) Compromiso de constitución de Unión Temporal de Empresas, de ser o caso, indicando a porcentaxe de participación de cada unha delas.

M) Documento acreditativo de ter constituído a correspondente garantía provisional.

16. APERTURA DE PLICAS.

A apertura das proposicións económicas, sobre A, terá lugar nas dependencias do departamento municipal de contratación, rúa Presidente Salvador Allende, nº 7, ás 10.30 horas do terceiro día hábil seguinte ó do de remate o prazo de presentación de proposicións. De coincidir sábado a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte. O acto será público.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

A Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o alcalde ou concelleiro en que delegue.

Vocais: un representante de cada grupo político municipal, o tesoureiro municipal, o xefe de sección de tramitación de denuncias e sancións, o xefe de sección de informática, a interventora e o director da Asesoría xurídica municipal.

Secretario: O xefe da Sección de Contratación.

A mesa de contratación, con anterioridade, terá abertos os sobres B que conteñen a documentación administrativa presentada polos licitadores co obxecto de cualificar, previamente, os documentos presentados en tempo e forma, rexeitando as proposicións que non acompañen a documentación ou, mesmo presentándoa, non reúna os requisitos precisos. No acto público de apertura de proposicións sinalado no parágrafo anterior darase conta da cualificación efectuada.

Nunha sesión posterior e logo da emisión dos informes que procedan, a mesa de contratación, ponderando os criterios fixados na condición nº 14, proporalle ó órgano de contratación a adxudicación do concurso a favor da proposición que resulte máis vantaxosa atendendo ós criterios sinalados.

17. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Logo de efectuada a proposta de adxudicación, remitiráselle notificación ó seleccionado para que, de ser o caso, no prazo de cinco días hábiles, presente certificado acreditativo de estar ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, e copia do último recibo do imposto sobre actividades económicas.

Realizada a adxudicación definitiva requirirase o adxudicatario para que, dentro dos quince días hábiles seguintes ó da data na que reciba a notificación, presente o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva. Na mesma notificación citarase o interesado para que concorra formaliza-lo contrato, que se fará en documento administrativo.

18. RÉXIME SANCIONADOR.-

Se o adxudicatario incumpre as obrigas impostas neste prego e, de se-lo caso, no contrato definitivo, será sancionado polo Concello en función da gravidade da falta cometida.

A/- Consideraranse faltas leves as seguintes:

- Que o adxudicatario ou o persoal ó seu cargo cometan incorreccións nas súas relacións co público en xeral ou co persoal do Concello de Santiago.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

- Desobedece-las instruccións dos servizos municipais para a prestación eficaz e normal da actividade contratada.
- Actuar con negligencia no cumprimento das obrigas dimanantes do contrato.
- Realizar substitucións excesivas do persoal que preste o servizo sen causa suficiente e xustificada.

Estas infraccións serán sancionadas con multa de ata 3.000 euros.

B/.- Consideraranse faltas graves as seguintes:

- Ceder ou concerta-la prestación do servizo con terceiros sen a autorización previa do Concello.
- Interromper de forma continuada a prestación do servizo por un período de ata cinco días, sen causa xustificada nin autorización municipal.
- Reincidir ou reitera-la comisión de infraccións cualificadas como leves.

Estas infraccións sancionaranse con multa de entre 3.001 e 30.000 euros.

C/.- Serán consideradas faltas moi graves:

- Incumpri-las obrigas esenciais.
- Incorrer en reincidencia e reiteración de faltas graves.
- Abandonar o servizo ou suspendelo por un período superior a cinco días hábiles, sen causa xustificada nin autorización municipal.

Estas infraccións serán sancionadas coa rescisión do contrato.

A imposición das sancións anteriores non exclúe o dereito do Concello de Santiago de Compostela a esixir indemnización por danos e prexuízos ocasionados polas obrigas imputables ó adxudicatario.

19. PRAZO DE GARANTÍA.-

O prazo de garantía a efectos de devolución da fianza definitiva será de DOCE (12) MESES contados desde a extinción do contrato.

20. PROTECCIÓN DE DATOS

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

1. O adxudicatario, na realización dos traballos contratados, adecuará as súas actuacións á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, do 14 de decembro) e demais normas de aplicación.

A información que contén datos de carácter persoal é a relativa á titularidade do vehículo: nome e apelidos, domicilio, e número de identificación fiscal; e a relativa á identidade do vehículo: matrícula.

2. O adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, e o persoal ao seu servizo que teña acceso ou realice calquera tratamento cos datos de carácter persoal, terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información de carácter persoal necesaria para a realización dos traballos non suporá “comunicación de datos” para os efectos do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. O acceso e o tratamento dos datos por parte do adxudicatario poderase realizar ben a través de transferencia de documentación e ficheiros magnéticos nos formatos e soportes definidos polo Concello ou ben mediante a gravación nas Bases de Datos municipais polo persoal debidamente autorizado e de acordo coas normas de seguridade establecidas ao respecto.
3. O adxudicatario encargado do tratamento estará sometido ás seguintes obrigas con respecto aos datos de carácter persoal:
 - Actuará consonte as instrucións do Concello de Santiago
 - Adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados.
 - Non aplicará nin utilizará os datos con fins distintos aos de realización dos traballos obxecto do contrato, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
 - Estará obrigado a gardar o segredo profesional respecto a eles, aínda despois de finalizar as súas relacións contractuais.
 - Unha vez finalizados os traballos obxecto do contrato, o adxudicatario deberá devolver ao Concello de Santiago todos os documentos ou soportes informáticos en que puidese constar algún dato de carácter persoal.
3. En caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións establecidas no contrato, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese persoalmente, previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
4. A propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento deste proxecto corresponden ó Concello de Santiago de Compostela con exclusividade e a todos os efectos. En consecuencia os documentos e soportes informáticos que manipule a

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

empresa colaboradora adxudicataria dos traballos, serán propiedade do Concello de Santiago de Compostela e non poderán facer ningún uso ou divulgación deles, de forma total ou parcial, directa ou extractada, nin durante a realización dos traballos nin logo de rematados, agás nos que autorice o Concello e os contemplados neste prego.

21. CUESTIÓNS LITIXIOSAS.-

As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, resolveraaas o órgano competente do Concello; os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e contra eles poderase interpor recurso contencioso - administrativo, de acordo co disposto na lei reguladora da dita xurisdicción.

22. REVISIÓN DE PREZOS.-

Os prezos sinalados neste prego en forma de porcentaxe non serán obxecto de revisión, ó quedaren establecidos en función de determinados parámetros sobre niveis de xestión do contrato.

23. NORMATIVA DE APLICACIÓN SUPLETORIA.-

Para o que non estea previsto neste prego de condicións rexerá o que dispón: a *Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o RDL 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, o seu Regulamento Xeral e demais disposicións de aplicación.*

.....

O CONCELLEIRO DE FACENDA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

ANEXO I

Modelo de proposición

D/D^a _____ con _____ domicilio en _____ e DNI número _____, actuando en nome propio (ou en representación de _____, con CIF número _____) manifesta o seguinte:

1. Que coñece o prego de prescricións relativo á contratación, polo procedemento de concurso, da xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano no municipio de Santiago de Compostela e que o acepta integramente.
2. Que declara baixo a súa responsabilidade que a empresa licitadora ten capacidade xurídica e medios suficientes para presta-lo servicio, reúne os requisitos específicos esixidos para a dita prestación e non está comprendida en ningún dos casos de prohibición para contratar sinalados na lexislación vixente.
3. Que, para o caso de resultar adxudicatario, prestará o servicio con suxeición en todo caso ós requisitos e condicións do prego aprobado.
4. Que se compromete, conforme con todo o dito, a realiza-las prestacións obxecto do contrato:
 polo _____ por cento do importe de tódolos cobros realizados en período voluntario de pago.
 polo _____ por cento do importe que lle facture a empresa de correos indicada polo Concello.
5. Que a anterior porcentaxe inclúe a totalidade dos impostos que sexan de aplicación, incluído o IVE.

Lugar, data e firma do licitador.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

Variacións do modelo de proposición

- 1) **Cando concorran á licitación agrupacións temporais de empresas, o encabezamento do modelo de proposición redactarase como segue:**

D/D^a _____, con domicilio en _____, DNI nº _____, en nome e representación da empresa _____ con domicilio social en _____ e CIF Nº _____ e D/D^a _____, con domicilio en _____, DNI nº _____, en nome e representación da empresa _____ con domicilio social en _____ e CIF Nº _____

DECLARAN:

Que se constitúen como unión temporal de empresas, coas participacións respectivamente de _____%, e que nomean representante ou apoderado único da UTE, con poderes bastantes para exercita-los dereitos e cumpra-las obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción, a D/D^a _____, e

MANIFESTAN:

(Transcribi-los 5 puntos que constan no modelo de proposición)

- 2) **Cando concorran á licitación empresas estranxeiras, deberán engadirle o seguinte punto ó modelo de proposición:**

6. Que se somete expresamente á xurisdicción dos xulgados e tribunais, en tódolos problemas sobre interpretación, modificación, resolución e extinción do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONRI1GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

ANEXO II

Modelo de aval

D/D^a _____, con DNI nº _____, en calidade de _____ da entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca) _____, con NIF _____ e domicilio (para os efectos de notificacións e requirimentos) na rúa _____, CP _____, con poderes suficientes para obrigalo neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes realizado perante a Avogacía do Estado con data _____

AVALA

A _____ (nome e apelidos ou razón social do avalado) con CIF _____, en virtude do que dispón o RDL 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) e o seu Regulamento xeral, para responder das obrigas seguintes: (detalla-lo obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantizado) _____, perante o Concello de Santiago de Compostela, por importe de _____ (en letra) euros, (_____ euros en cifra).

Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de exclusión e co compromiso de pago no primeiro requirimento que para tal efecto lle faga o Concello de Santiago de Compostela, con suxeición ós termos previstos no TRLCAP e na normativa reguladora do Concello.

Este aval terá validez ata que o Concello de Santiago de Compostela autorice a súa cancelación ou devolución.

_____ (lugar e data)
 _____ (razón social da entidade)
 _____ (sinatura dos apoderados)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONR11GE	<i>Expediente</i> CON/239/2007	<i>Fecha</i> 10-09-07 14:19

Sello o Certificación Mecánica

ANEXO III

PERSOAL DA ANTERIOR CONTRATA

NOME	CATEGORIA	ANTIGUIDADE	SOLDO BRUTO ANUAL (ANO 2007)
J.P.M.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	17-7-2006	10.999'92
A.A.O	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	05-06-2006	10.999'92
B.R.P.	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	05-10-2004	10.999'92
E.V.E.	TITULADO DE GRADO SUPERIOR	19-11-2001	23.000'04 + BONUS 2.000